

**ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ENXEÑEIRO/A: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E RESULTADO DEFINITIVO DO PROCESO SELECTIVO**

Sendo as 9:00 horas do día 25 de xuño de 2024, o Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, enxeñeiro/a, reúnese vía videoconferencia para o estudo e resolución das alegacións efectuadas ao listado provisional da puntuación do terceiro exercicio da oposición, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

**PRESIDENTE:**

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

**SECRETARIA:**

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

**VOGAIS:**

Titular.- Eduardo Artime Rial (Enxeñeiro de Camiños do Sevizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María del Mar González Estévez (Enxeñeira de Camiños do Sevizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra )

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda).

A presidencia declara constituído o Tribunal cualificador.

Transcorrido o prazo para formular alegacións ao resultado provisional da puntuación do terceiro exercicio da oposición, procede o Tribunal no presenta acto á resolución das mesmas.

Nº SOLICITUDE	1
Nº REXISTRO DE ENTRADA	2024-E-RE-873
SOLICITUDE	EXPÓN “Presento alegaciones al tercer ejercicio del proceso selectivo para la cobertura, por turno libre, mediante el sistema de oposición, de 1 plaza de personal funcionario de carrera de la escala de administración especial: Ingeniero/a



	<p>SOLICITA</p> <p>Se modifique la puntuación del supuesto práctico nº 2 de mi examen, asignándome una puntuación de 6,63 puntos.</p> <p>Se modifique la puntuación del supuesto práctico nº 3 de la aspirante Inés Mera Rico reduciéndola en un mínimo de 0,25 puntos, siendo la puntuación máxima posible en base a los criterios de corrección proporcionados de 5,75 puntos.</p> <p>Se tengan por presentadas en tiempo y forma y surtan los efectos oportunos”.</p>
<p>RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS</p>	<p>DESESTIMADAS por unanimidade do Tribunal cualificador:</p> <p>Respecto do suposto práctico número 2, non se considera únicamente a inclusión de cada rega cunha valoración proporcional ao total do subapartado, senón que se teñen en conta tamén a exposición e resolución do conxunto das regas do paquete de firme. Por este motivo, considérase correcta a puntuación otorgada no subapartado de referencia.</p> <p>En relación coa alegación formulada ao suposto xurídico -suposto práctico nº 3- vaise contestar conxuntamente coa alegación 2024-E-RE-921</p> <p>En ambos casos a persoa aspirante está conforme coa súa propia corrección pero sinala un erro no exame do outro/a aspirante, que considera que o tribunal non tivo en conta, e solicita, nun caso un desconto de 0,25, e no outro un desconto de 0,25 ou máis.</p> <p>Antes de contestar as alegacións parece preciso sinalar que o punto de partida da corrección debe ser bastante razoable cando ambas persoas aspirantes están conformes coa súa corrección e discrepan exclusivamente en 0,25 da corrección do outro exame. Isto é especialmente relevante se temos en conta que estimar ambas alegacións ten o mesmo resultado que non estimar ningunha.</p> <p>Resposta.</p> <p>As dúas persoas aspirantes sinalan un erro no outro exame que o tribunal aparentemente non tivo en conta e ambos/as solicitan esencialmente o mesmo.</p> <p>Non cabe dúbida de que cando unha resposta merece un cero ou un 1 a corrección e sinxela. Diferente é a valoración de situacións intermedias ¿canto se desconta por erro? ¿son todos os erros iguais? ¿como se aplica a precisión e o rigor técnico na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas propias da praza que as bases recollen?</p> <p>Dentro do máximo rigor e obxectividade que merece a importante tarefa de seleccionar a un/unha funcionario/a de carreira, en cuxas mans vai a estar o servizo ao interese xeral, o tribunal soamente pode acudir á discrecionalidade técnica e a súa propia conciencia.</p> <p>Ante a importancia desta tarefa e co máximo respecto ás dúas persoas aspirantes que dende o inicio do proceso foron</p>



	<p>superando as distintas probas con puntuacións moi destacables e moi próximas, pero coa limitación imposta polo feito de que existindo dúas persoas aspirantes claramente destacadas e que claramente merecen o acceso á función pública tan so hai unha praza convocada, ambos exames foron corrixidos reiteradas veces. Nestas correccións estivo o resultado que se produciría aplicando criterios de corrección moi estritos, moi xenerosos, intermedio xenerosos e intermedio estritos (5-1, 6-2, 5,75-1,75 5,5-1,5)</p> <p>A estimación de ambas alegacións corresponderíase co 3º criterio e estivo contemplada, pero o resultado do proceso sería o mesmo e non corresponde ás persoas aspirantes, senón ao tribunal, elixir entre cada unha das opcións ( o que non sería razoable sería aplicar criterios distintos a cada unha das persoas candidatas) O tribunal, valorando positivamente os resultados de ambos/as aspirantes ao longo do proceso e tendo en conta que a praza non é de xurista, optou por aplicar o criterio máis alto ás dúas persoas aspirantes no suposto xurídico e mantén dito criterio, desestimando ambas alegacións.</p>
--	--

Nº SOLICITUDE	2
Nº REXISTRO DE ENTRADA	2024-E-R-875
SOLICITUDE	<p>EXPÓN</p> <p>“Que estoy participando en el proceso selectivo indicado. Después de la publicación de las notas provisionales del tercer ejercicio se nos proporcionó a los aspirantes la documentación que solicitamos para formular las alegaciones oportunas.</p> <p>SOLICITA</p> <p>Que se tengan en cuenta las alegaciones a la valoración del tercer ejercicio que detallo y justifico en el archivo adjunto, y en concreto: que se revisen las puntuaciones de los apartados b) y c.1) del Supuesto 2”</p> <p>A continuación expongo y justifico mis alegaciones a las puntuaciones provisionales publicadas por el tribunal del proceso selectivo indicado en el asunto, refiriéndome tanto a la solución propuesta en la plantilla de corrección como a las respuestas dadas por mí y por el otro aspirante”.</p>
RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS	<p>DESESTIMADAS por unanimidade do Tribunal cualificador.</p> <p>Apartado b)“Sección de firme”:</p> <p>A resolución polo outro aspirante deste apartado considérase completamente correcta xa que na parte inicial da resolución do suposto práctico si fai referencia aos parámetros e condicionantes do enunciado e no apartado b) alude a ditos condicionantes onde di “con los condicionantes del enunciado, la única sección de firme posible es la</p>



	<p>3111(...)", quedando patente que non elixe esa sección ao azar.</p> <p>Apartado C)</p> <p>O formulario corrector abarca todas as posibles solucións e o que se pide é que a solución proposta sexa válida dentro dese rango de solucións posibles. A resolución da outra persoa aspirante indica que existe máis dunha solución posible, elixindo unha delas ("Según la tabla 6 de la OC 1/2023, que modifica a la norma 6.1 IC, una sección posible de la carretera estaría compuesta por las siguientes capas y espesores (...)"). A solución que se expón é correcta.</p>
--	---

Nº SOLICITUDE	3
Nº REXISTRO DE ENTRADA	2024-E-RE-921
SOLICITUDE	<p>EXPÓN</p> <p>"Que estoy participando en el proceso selectivo indicado. Después de la publicación de las notas provisionales del tercer ejercicio se nos proporcionó a los aspirantes la documentación que solicitamos para formular las alegaciones oportunas.</p> <p>Que el 05/06/2024 presenté mis alegaciones y solicité información adicional sobre la puntuación desglosada de los aspirantes en el supuesto 3.</p> <p>Que el 12/06/2024 se publicó el acta de respuesta a mi solicitud, se me informó telefónicamente del desglose solicitado y se me concedió un día hábil para presentar las alegaciones que correspondan.</p> <p>SOLICITA</p> <p>Que se tengan en cuenta las alegaciones a la valoración del tercer ejercicio que detallo y justifico en el archivo adjunto, y en concreto:</p> <p>Que se revisen las puntuaciones del apartado c) de la incidencia 2 del Supuesto 3.</p> <p>A continuación expongo y justifico mis alegaciones a dichas puntuaciones, refiriéndome tanto a la solución propuesta en la plantilla de corrección como a las respuestas dadas por mí y por el otro aspirante"</p>
	<p>DESESTIMADA por unanimidade do Tribunal cualificador.</p> <p>En relación coa alegación formulada ao suposto xurídico -suposto práctico nº 3- vaise contestar conxuntamente coa alegación 2024-E-RE-873, xa resolta nos parágrafos anteriores -Número de Solicitud 1-.</p> <p>En ambos casos a persoa aspirante está conforme coa súa propia corrección pero sinala un erro no exame do outro/a aspirante, que considera que o tribunal non tivo en conta, e solicita, nun caso un desconto de 0,25, e no outro un desconto de 0,25 ou máis.</p>



RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN

Antes de contestar as alegacións parece preciso sinalar que o punto de partida da corrección debe ser bastante razoable cando ambas persoas aspirantes están conformes coa súa corrección e discrepan exclusivamente en 0,25 da corrección do outro exame. Isto é especialmente relevante se temos en conta que estimar ambas alegacións ten o mesmo resultado que non estimar ningunha.

Resposta.

As dúas persoas aspirantes sinalan un erro no outro exame que o tribunal aparentemente non tivo en conta e ambos/as solicitan esencialmente o mesmo.

Non cabe dúbida de que cando unha resposta merece un cero ou un 1 a corrección e sinxela. Diferente é a valoración de situacións intermedias ¿canto se desconta por erro? ¿son todos os erros iguais? ¿como se aplica a precisión e o rigor técnico na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas propias da praza que as bases recollen?

Dentro do máximo rigor e obxectividade que merece a importante tarefa de seleccionar a un/unha funcionario/a de carreira, en cuxas mans vai a estar o servizo ao interese xeral, o tribunal soamente pode acudir á discrecionalidade técnica e a súa propia conciencia.

Ante a importancia desta tarefa e co máximo respecto ás dúas persoas aspirantes que dende o inicio do proceso foron superando as distintas probas con puntuacións moi destacables e moi próximas, pero coa limitación imposta polo feito de que existindo dúas persoas aspirantes claramente destacadas e que claramente merecen o acceso á función pública tan so hai unha praza convocada, ambos exames foron corrixidos reiteradas veces. Nestas correccións estulouse o resultado que se produciría aplicando criterios de corrección moi estritos, moi xenerosos, intermedio xenerosos e intermedio estritos (5-1, 6-2, 5,75-1,75 5,5-1,5)

A estimación de ambas alegacións corresponderíase co 3º criterio e estivo contemplada, pero o resultado do proceso sería o mesmo e non corresponde ás persoas aspirantes, senón ao tribunal, elixir entre cada unha das opcións (o que non sería razoable sería aplicar criterios distintos a cada unha das persoas candidatas) O tribunal, valorando positivamente os resultados de ambos/as aspirantes ao longo do proceso e tendo en conta que a praza non é de xurista, optou por aplicar o criterio máis alto ás dúas persoas aspirantes no suposto xurídico e mantén dito criterio, desestimando ambas alegacións.



Rematado o estudo e resolución das reclamación presentadas, polo Tribunal procédese a establecer o resultado definitivo do terceiro exercicio do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a, co seguinte resultado

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN SUPOSTO PRÁCTICO 1	PUNTUACIÓN SUPOSTO PRÁCTICO 2	PUNTUACIÓN SUPOSTO PRÁCTICO 3	PUNTUACIÓN TOTAL
INÉS	MERA RICO	3	7	6	16
EVARISTO	JUNCAL FROJÁN	7	6,6	2	15,6

Ao abeiro de todo o anterior e tendo en conta os resultados definitivos do primeiro, segundo e terceiro exercicio do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a, o **Tribunal ACORDA POR UNANIMIDADE**

**Primeiro.-** Establecer o resultado definitivo do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a, co seguinte resultado:

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN EXERCICIO 1	PUNTUACIÓN EXERCICIO 2	PUNTUACIÓN EXERCICIO 3	PUNTUACIÓN TOTAL
INÉS	MERA RICO	7,2	13,32	16	36,52
EVARISTO	JUNCAL FROJÁN	8,2	12,66	15,60	36,46

**Segundo.-** Elevar a Alcaldía, o nomeamento de **INÉS MERA RICO** como persoa candidata que superou o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a.

**Terceiro.-** Proceder á publicación do resultado definitivo do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Enxeñeiro/a, no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Silleda.

Non habendo máis asuntos que tratar dase por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada por todas as persoas integrantes do Tribunal, do que dou fe.

*Documento asinado dixitalmente*

*Presidente, Leopoldo Moure Dopico*



*Vogais, Juan Carlos Peteiro Rodríguez, María del Mar González Estévez, Eduardo Artime Rial*

*Secretaria, Carmen Miranda Posse*

